



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061 E A SOBERANA ORDEN DE MALTA PARA A POSTA EN MARCHA DUN DISPOSITIVO DE ASISTENCIA SANITARIA A PEREGRINOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que o 06.06.2017 a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 formalizou coa Fundación Hospitalaria de la Orden de Malta en España (F.H.O.M.E) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue do 1 de xullo ao 30 de agosto de 2017 e do 1 de xullo ao 30 de agosto de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións necesarias para a posta en marcha dun dispositivo para a prestación dunha primeira asistencia sanitaria básica aos peregrinos que realicen o Camiño de Santiago unha vez estes cheguen a Compostela.

A tal fin, o 061 comprométese ao dotar ao posto de socorro instalado no claustro da Catedral de Santiago de Compostela da infraestrutura necesaria para garantir o seu correcto funcionamento, mentres que a F.H.O.M.E se encargará de ceder as súas instalacións, de xeito temporal, ao 061, para colocar no devandito claustro o posto de socorro referido, previa obtención dos permisos que no seu caso fosen necesarios polo Cabildo da Catedral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

No artigo 6 dos Estatutos da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, no que se recollen os fins de interese xeral desta entidade sen ánimo de lucro, entre os que destacan a organización de dispositivos sanitarios preventivos e asistenciais ante eventos de concorrencia pública e a colaboración coas administracións, corporacións, entidades ou particulares en asuntos da súa competencia, cando estes sexan de interese para a consecución dos obxectivos da fundación.

Na misión xeral da Soberana Orde de Malta, recollida na súa Carta Constitucional de 27.06.1961, e que se concreta no traballo voluntario dos seus integrantes nas estruturas asistenciais, sanitarias e sociais.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden



satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de xuño de 2017.